

# Abracadabra Nº 37

REAL OU IMAXINARIO

PASATEMPOS

GALERÍA DE FOTOS

GUÍA DE PERSONAXES FANTÁSTICOS

QUE HAI DE NOVO ...?



# Real ou IMAXINARIO?

"Por alí resopra ...!!!" Ah!!! Estadés aí?... Un momento... Chego a un punto e fágovos caso... Xa.

Perdoade, é que estaba moi interesante. Estou a ler Moby Dick e a verdade é que estou enganchadísimo. Imaxinádevos estar a bordo do Pequod perseguindo a unha balea branca?!!! Ben, a verdade é que me pasa sempre que leo un libro que me gusta. Imaxino como sería a miña vida sendo o protagonista. Si, si, non me miredes así. Tampouco é tan desatinado. De feito, nalgúns ocasións ese personaxe co que nos identificamos existiu de verdade!!! Que si... como o estadés escoitando. Os libros que lemos, en ocasións son totalmente produto da imaxinación alucinante dalgún escritor e outras veces, están baseados en persoas reais!!!

Estáseme ocorrendo un xogo... Animádevos? Pois preparados... A ver se acertades se son reais ou imaxinarios os seguintes personaxes. Aí vai o primeiro. D' Artagnan, real ou imaxinario?... Pois **D' Artagnan** é... (redobre de tambor)... REAL!!!! Así é, o famoso protagonista da novela de Alexandre Dumas, "Los tres mosqueteros", existiu de verdade. O seu nome era Charles de Batz- Castelmore d' Artagnan. E aínda que Dumas se baseou nun libro que pola súa vez se baseou na súa biografía, para escribir a novela modificou algunhas cousiñas. Así, o verdadeiro D' Artagnan viviu na época de Luís XIV en lugar de Luís XIII, e o cardeal por aquel entón non era Richelieu, senón Mazarino. Pero o importante neste xogo é que existiu de verdade. Así que todos os que acertastes, anotádevos un punto.



Seguinte personaxe... a ver... deixade que pense... Xa sei. **Pocahontas**... real ou imaxinario?... (redobre de tambor)... Efectivamente, Pocahontas tamén é REAL!!! Aínda que o seu nome era Matoaka. Iso si, desde pequena chamábase Pokahantesú que quere dicir "divírtese con calquera cousa" (creo que a partir de agora chamarei Pocahontas á miña irmá... ha, ha, ha) e era a filla maior dun xefe indio do pobo dos powhatan. Ahhhh!!! e tamén conseguiu salvar ao capitán John Smith, que fora capturado. Pocahontas interpúxose cando o ían executar e pediu ao seu pai que lle perdoase a vida. Se é que en ocasións os libros escríbense sós... Ben, outro punto para os que acertastes.

Imos poñelo un pouquiño máis difícil... que me dicides de **James Bond**? Si, falo do máis famoso espía do Servizo Secreto de Intelixencia británico. O Axente 007... Preparados para a pregunta? Pois aí vai. James Bond, real ou imaxinario?... (redobre de tambor)... IMAXINARIO!!! Xa sei que sería xenial que existisen espías como 007, pero o caso é que James Bond é un personaxe de ficción, produto da imaxinación do inglés Ian Fleming. Dato curioso. Resulta que lle puxo o nome dun ornitólogo. Estouno imaxinando... Como se chama? - Bond, James Bond... e son ornitólogo... ha, ha, ha. Un momento... claro que se eu fose un espía tamén preferiría que todo o mundo pensase que non existo... ademais, agora mesmo pérome que ser ornitólogo é a mellor tapadeira do mundo... Ufffff. En fin, non vou darlle máis voltas polo momento, así que supoño que punto para os que dixestes imaxinario...




Miña nai, que tarde é!!! Teño que marchar... Esperade. O último. Un personaxe máis antes de despedirnos. É que este xogo está a gustarme moito... A ver, a ver... Xa o teño!!! O pirata **Barba Negra**... real ou imaxinario?... (redobre de tambor)... (outro redobre de tambor)... É que é o último... para darlle máis emoción... Pois é... REAL!!! O seu verdadeiro nome era Edward Drummond, aínda que antes de dedicarse á piratería usaba o nome de Edward Teach. E é case obrigado describilo. Resulta que era un home alto e gustáballe que a xente quedase impactada ao velo así que adoitaba ir cun gran chapeu con plumas e armado, como se adoita dicir, ata os dentes, con varias espadas, coitelos e pistolas de diversos calibres. Ademais, adornaba a súa barba con mechas de canón que ás veces acendía cando había batalla. A verdade, á marxe do sanguinario e cruel, pódese dicir que foi o inventor do look pirata.

En fin, agora si que teño que deixarvos. É unha mágoa porque estaba pasándoo moi ben. Pero que se lle vai facer, xa seguiremos xogando outro día. Se queredes, podedes buscar máis personaxes e o próximo día xogamos por equipos. Eu tamén prepararei algún máis, e a ver quen os pon máis difíciles... Avisovos que vou ser un rival moi duro...

Vémonos no vindeiro número!!!

# PASATEMPOS

## ENCRUCILLADO




### Horizontais

1. Sae sempre de noite porque co sol quémase aínda que poña crema. O que si ten fortes son os seus dentes... Pero sobre todo, aínda que sexa conde, non te fíes e non lle amoses o pescozo.
2. A puntualidade para ela é importante. Por non mirar o reloxo tivo que saír correndo e perdeu un zapato.
3. Non hai nada interminable, ou si? Hai historias e historias pero, adiviñas quen é o protagonista que está a ler esta?
4. Heroe ou semideus... 12 probas superou. Ah! E podes ver a súa Torre sen ir moi lonxe.

### Verticais

1. A última mazá que comeu quedóuselle na gorxa.
2. Guerreiro ou guerreira? o seu pai era maior e ocupou o seu lugar no Exército Imperial de China
3. Ao revés, rotagonista feminina da maior historia de amor contada por Shakespeare
4. De liana en liana salta e cando berra toda a selva parálizase para atender a súa chamada.

\* Os nomes que están no encrucillado aparecen en castelán



## ADIVIÑA

Un home morre e vai ao ceo. Alí atopa miles de persoas. Todos están espidos. Mira ao seu redor para ver se reconece a alguén. Ve a unha parella e sabe de inmediato que eran Adán e Eva. Por que?

(βοιδης του γευει σωριδο)

## CHISTES

Aquí van os chistes que estabades agardando

Era un príncipe tan aburrido, pero tan aburrido, que Cenicienta se fue a las diez.  
(Sara Pérez, 10 anos)

Cal é o superheroe que sempre sae pola noite?  
-Flash.  
(Luis Meizoso, 14 anos)

Dos niños hablando y uno le pregunta al otro:  
- Oye, ¿tú sabes cómo se llaman los habitantes de Belén?  
- Esto... ¿Belencianos? ¡¡No, no!! ¡¡BELENCENOS!!  
- No, hombre, no. Se llaman "Figuritas".  
(Marcos Seoane, 8 anos)

Se encontraba una noche el Conde Drácula muy atareado reparando su ataúd y gritó: ¡Igor!  
- Dime señor, contestó Igor.  
- Pásame el destornillador.  
Al cabo de un rato llegó Igor con el encargo y Drácula grita: Aaayygh, ¡El de cruz no!  
( Laura García, 12)



Sara Martínez, a primeira en rematar o Bonolibro



A Biblioteca énchese de arte



Os artistas coas súas obras no taller de pintura de Nadal



## GALERÍA DE FOTOS



# GUÍA DE PERSONAXES FANTÁSTICOS



Aquí deixámosvos unha mostra de libros onde podedes descubrir outros personaxes fantásticos do mundo real.



Todas as nenas deberían crecer pensando que poden chegar a ser o que elas queiran.

Érase unha vez unha princesa... unha princesa? Que?! Había unha vez unha nena que quería chegar ata Marte. Érase unha vez unha muller que se converteu nunha das mellores tenistas do mundo e outra que descubriu como é a metamorfose das bolboretas. De Frida Kalo a Jane Goodall, de Coco Chanel a Nina Simone, das irmás Bronte a Marie Curie este libro narra as vidas de 100 mulleres valentes e, ademais, conta coas ilustracións de 60 artistas de todo o mundo. Científicas, astronautas, levantadoras de pesas, xuízas, chefs... cen exemplos de determinación e audacia para as que soñan en grande.



Este libro ilustrado para nenos e mozos presenta a historia de dez líderes que cambiaron o curso do século XX. Estas biografías van conectando a historia, revelando como cada dirixente inspirouse en quen lle precedeu.



As páxinas deste libro convidanache a coñecer a estes homes, e tamén os seus instrumentos, os seus mapas e os barcos que lles permitiron realizar as viaxes. Ao seu lado revivirás as aventuras dos descubridores e os mil perigos que entraña a conquista dun novo mundo..Inclúe seis apartados, cada un dedicado a un soado descubridor cun cartón cos seus datos persoais e o itinerario da súa viaxe.



Mulleres bravas da nosa historia é unha colección de libros infantís orientados a dar a coñecer unha serie de mulleres exemplares da historia de Galiza aos públicos máis novos.

## QUE HAI DE NOVO...?

\* **ACTIVIDADES.** Comeza o ano e facémolo ao grande cuns talleres dos máis demandados nestes momentos: o “ taller de impresión en 3D” e o “taller de programación con scratch”. Consulta o programa.

\* **EXPOSICIÓN** no taboleiro da biblioteca dunha mostra dos traballos feitos polos nosos artistas, no “obradoiro de pintura” levado a cabo no Nadal.

\* Xa podedes facer as vosas reservas e renovacións dos libros na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>. É moi sinxelo, accede ó catálogo da biblioteca e busca “acceso á miña conta” e inicia a sesión introducindo o teu nome e apelido e o número de usuario da biblioteca e xa podes reservar e renovar. Lembra que tes que ter o carné en vigor, e non ter obras co prazo de devolución finalizado.

\* Seguimos co **BONOLIBRO!** Para participar só tes que cubrir as 15 casas que che propoñemos e se o finalizas poderás ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e ademais terás preferencia á hora de anotarte ás actividades. Anímate!

\* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

**WEB:** <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

**Blog:** <http://bibliotecadicoruna.blogspot.com>

**Fotos:** [www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna](http://www.flickr.com/photos/bibliotecadicoruna)

